# ACTA XUNTA DE GOBERNO

## SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE

## (ACTA NÚMERO 28)

**Presidente:**
D. Darío Campos Conde

**Sres. Deputados:**
D. Argelio Fernández Queipo
D. Pablo Rivera Capón
Dª. Mª. del Pilar García Porto (incorpórase ás once horas e vinte minutos, antes de comezar o punto 3 da Orde do Día).
D. Lino Rodríguez Ónega
Dª. Mayra García Bermúdez
D. Eduardo Vidal Baamonde

**Secretaria:**
Dª. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trinta e un de maio de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria Dª. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores Deputados en funcións D. Álvaro Santos Ramos e Dª. Sonsoles López Izquierdo.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE E DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Por parte do Sr. Presidente en funcións pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación ás actas da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e dous de maio de dous mil dezanove, e da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de maio de dous mil dezanove, que foron distribuídas entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade dos asistentes.

**2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE QUIROGA SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Logo de ver o a proposta da Presidencia en funcións do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases do Plan Único de Cooperación Cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello …”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”.

O Plan Único de Cooperación Cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Quiroga

O Concello de Quiroga presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

| Nº obra | IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | BAIXA € DEPUTACIÓN |
|---|---|---|---|
| 233-A | ACONDICIONAMENTO DE TERREOS ADXACENTES AO ALBERGUE MUNICIPAL PARA EXECUCIÓN DE PRAZA | 2018 1532 762 | 4.400,68€ |
| 233-B | REURBANIZACIÓN DE RÚAS E ESPAZOS: ENTORNO DA PRAZA MAIOR (RUAS GALICIA, CALVO SOTELO E LAGO), RUA CAMILO JOSÉ CELA, RUA RAMÓN Y CAJAL E PRAZA DE ESPAÑA | 2018 1532 762 | 300,00€ |
| 234 | REHABILITACIÓN URBANA DE BEIRARRÚAS E FAROLAS NAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO, ANXEL FOLE, QUIROGA DE ARXENTINA, SAN MARTIÑO, RAMÓN Y CAJAL, CAMILO JOSÉ CELA, RIO LOR E PRAZA MAIOR DA VILA DE QUIROGA | 2018 1532 762 | 950,01€ |

Así mesmo, por escritos de datas 14 de maio de 2019, de data 27 de maio de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| IDENTIFICACIÓN | APLICACIÓN | FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN | FINANCIACIÓN CONCELLO | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|
| SEGUNDA FASE ACONDICIONAMENTO DE TERREOS ADXACENTES AO ALBERGUE MUNICIPAL PARA EXECUCIÓN DUNHA PRAZA | 2018 1532 762 | 5.650,69€ | 6.196,29€ | 11.846,98€ |

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial…”. Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo respectivo concello, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente. Debe terse en consideración o establecido no artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, sobre principios de intervención das administracións públicas para o desenvolvemento de unha actividade, entre o que se reflicte o de proporcionalidade e o referente á elección da medida menos restritiva.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Quiroga e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento que deseguido se indica co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

| IDENTIFICACIÓN | CONCELLO | APLICACIÓN | FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN | FINANCIACIÓN CONCELLO | TOTAL INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|---|
| SEGUNDA FASE ACONDICIONAMENTO DE TERREOS ADXACENTES AO ALBERGUE MUNICIPAL PARA EXECUCIÓN DUNHA PRAZA | QUIROGA | 2018 1532 762 | 5.650,69€ | 6.196,29€ | 11.846,98€ |

**2º**.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE POBRA DO BROLLON.- CONSTRUCIÓN DE CENTRO RESIDENCIAL DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.**

Logo de ver a proposta da Presidencia en funcións do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos: "(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 08 de febreiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 1.747.348,56€, dos cales 158.849,87€ son de IVE (10%), correspondente á obra: POBRA DO BROLLÓN.- Construción de centro residencial de atención a persoas maiores.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 14 de febreiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria. En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 27 de marzo de 2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como POBRA DO BROLLÓN.- Construción de centro residencial de atención a persoas maiores, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 14 de febreiro de 2019 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital "1" e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acórdase por unanimidade aceptalas a todas. A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital "2", contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

POBRA DO BROLLÓN.- CONSTRUCIÓN DE CENTRO RESIDENCIAL DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES

| | | | |
|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 1.747.348,56 | | |
| VALOR ESTIMADO | 1.652.038,64 | 158.849,87 | IVE. PARTIDA INDEPEND |
| CLASIFICACION EXIGIDA: | C-2-2 /// C-4-3 | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 12 | | |

MAXIMO

33.040,77

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | PRECIO (60) | OUTROS | | | | | | | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) | SEGUIMENTO OBRA TEMPO REAL (3/6/10) | MODELO BIM (8) | AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7) | REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7) | ESTABILIDADE NO EMPREGO (4) | | | DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4) | Plantel / Discapacitados |
| | | | | OPCIÓN (A/B/C) | OPCIÓN (SI/NO) | MESES (max 24) | DÍAS | TOTAL | INDEFINIDOS | % INDEFINIDOS | IMPORTE | |
| 1 | CONSTRUCCIONES ALEA SL | | 1.629.227,80 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 13,00 | 11 | 84,62% | 26.697,46 € | 13/0 |
| 2 | CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL | | 1.399.200,00 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 12,00 | 9 | 75,00% | 28.882,00 € | 12/0 |
| 3 | CONSTRUCCIONES OREGA SL | | 1.570.342,15 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 19,00 | 12 | 63,16% | 31.769,97 € | 19/0 |
| 4 | CONSTRUCCIONES ROPAN SL | | 1.516.685,50 € | A | SI | 24,00 | 90,00 | 20,00 | 8 | 40,00% | 900,00 € | 20/0 |
| 5 | CONSTRUCTORA CONSVIAL SL | | 1.655.088,56 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 25,00 | 21 | 84,00% | 1.500,00 € | 25/1 |
| 6 | CONSTRUCTORA SAN JOSE SA | | 1.708.557,42 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 964,00 | 372 | 38,59% | 31.064,68 € | -/- |
| 7 | CONTRATAS VILOR SL | | 1.681.124,50 € | A,B,C | SI | 24,00 | 90,00 | 52,00 | 23 | 44,23% | 31.769,97 € | 52/1 |
| 8 | COPCISA SA | | 1.569.643,21 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 332,00 | 223 | 67,17% | 31.769,97 € | 332/0 |
| 9 | COVIASTEC SL | | 1.516.503,40 € | A | SI | 12,00 | 90,00 | 28,00 | 5 | 17,86% | 26.625,00 € | 28/0 |
| 10 | FONSAN GESTIÓN Y CONSTRUCCION SL | | 1.487.447,84 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 71,00 | 28 | 39,44% | 33.040,77 € | 71/1 |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 11 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 1.738.075,42 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 190,00 | 88 | 46,32% | 32.500,77 € | 190/3 |
| 12 | JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA | | 1.412.381,84 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 131,00 | 78 | 59,54% | 33.040,77 € | 131/4 |
| 13 | OBRAS GALLAECIA SL | | 1.558.335,42 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 13,00 | 10 | 76,92% | 32.500,77 € | 13/0 |
| 14 | OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL | | 1.441.213,40 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 11,00 | 10 | 90,91% | 31.769,97 € | 11/0 |
| 15 | PRADO LAMEIRO SL | | 1.402.072,10 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 8,00 | 7 | 87,50% | 31.769,00 € | 8/0 |
| 16 | PROYECON GALICIA SA | | 1.522.273,50 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 107,00 | 57 | 53,27% | 30.000,00 € | 108/1 |
| 17 | SERGONSA SERVICIOS SL | | 1.639.138,60 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 18,00 | 11 | 61,11% | 32.500,77 € | 18/0 |
| 18 | UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL | | 1.623.419,55 € | C | SI | 24,00 | 90,00 | 13,00 | 8 | 61,54% | 31.769,97 € | 13/0 |
| 19 | VIALES Y OBRAS PÚBLICAS SA | | 1.699.895,00 € | C | SI | 24,00 | 40,00 | 98,00 | 38 | 38,78% | 7.148,24 € | 98/2 |
| 20 | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL | | 1.384.424,26 € | A,B,C | SI | 24,00 | 90,00 | 23,00 | 19 | 82,61% | 31.796,97 € | 23/1 |

A mesa, á vista dos datos indicados polas mercantís CONSTRUCTORA SAN JOSE SA e PROYECON GALICIA SL, relativos ao número total de plantilla e número de discapacitados reflexados no anexo IV, no que se produce unha contradición co número indicado de traballadores no anexo III bis, polo que a mesa acordou requirir a ambas mercantís para aclarar dita situación, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para tal efecto.

O número total de traballadores deberá aclararse mediante documentación oficial, a esa data de presentación de ofertas.

Así mesmo, vista a oferta das mercantís CONTRATAS VILOR SL e XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, relativas ao criterio de seguimento da obra en tempo real, compróbase que marcaron varias opcións, concretamente as tres posibles, polo que de acordo co estipulado no PCAP, non se valorará este criterio.

Debe terse en conta que o criterio de estabilidade no emprego é criterio de adxudicación, distinto polo tanto do criterio de desempate, que solo opera en caso de producirse unha puntuación asignada, unha vez aplicados os criterios de adxudicación.

Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), comprobouse si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | CONSTRUCCIONES ALEA SL | | 1.629.227,80 € |
| 2 | CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL | | 1.399.200,00 € |
| 3 | CONSTRUCCIONES OREGA SL | | 1.570.342,15 € |
| 4 | CONSTRUCCIONES ROPAN SL | | 1.516.685,50 € |
| 5 | CONSTRUCTORA CONSVIAL SL | | 1.655.088,56 € |
| 6 | CONSTRUCTORA SAN JOSE SA | | 1.708.557,42 € |
| 7 | CONTRATAS VILOR SL | | 1.681.124,50 € |
| 8 | COPCISA SA | | 1.569.643,21 € |
| 9 | COVIASTEC SL | | 1.516.503,40 € |
| 10 | FONSAN GESTIÓN Y CONSTRUCCION SL | | 1.487.447,84 € |
| 11 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 1.738.075,42 € |
| 12 | JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA | | 1.412.381,84 € |
| 13 | OBRAS GALLAECIA SL | | 1.558.335,42 € |
| 14 | OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL | | 1.441.213,40 € |
| 15 | PRADO LAMEIRO SL | | 1.402.072,10 € |
| 16 | PROYECON GALICIA SA | | 1.522.273,50 € |
| 17 | SERGONSA SERVICIOS SL | | 1.639.138,60 € |
| 18 | UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL | | 1.623.419,55 € |
| 19 | VIALES Y OBRAS PÚBLICAS SA | | 1.699.895,00 € |
| 20 | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL | | 1.384.424,26 € |

| MEDIA | NOVA MEDIA |
|---|---|
| 1.557.752,47 | 1.548.261,79 |

| BAIXA DESPROPORCIONADA | NOVA BAIXA |
|---|---|
| 1.401.977,23 | 1.393.435,61 |

| 10% ARRIBA |
|---|
| 1.713.527,72 |

A vista do anterior, observándose que a oferta presentada pola mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 02 de maio de 2019, tomou coñecemento do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, en relación co requirimento ás empresas CONSTRUCTORA SAN JOSE SA e PROYECON GALICIA SL, en canto a aclaración do criterio de estabilidade no emprego; así como a mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, cuxa oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa. En dito informe contéñense, entre outros, os seguintes extremos:

"(...)

Polo Servizo de Contratación e Fomento, -Unidade de obras e plans-, a vista do acordado na Mesa, procedeuse a requirir ás empresas, CONSTRUCTORA SAN JOSE SA e PROYECON GALICIA SL a través de escritos achegado polo canle do correo electrónico autorizado polos licitadores, con confirmación de lectura, en ambos os casos, do día 04 de abril de 2019,

concedéndolle un prazo de tres días para que saneen os erros apreciados, achegando as correspondentes aclaracións.

A empresa CONSTRUCTORA SAN JOSE SA achega, dentro do prazo outorgado, aclaración relativa ás diferenzas entre o número de traballadores indicados no apartado de estabilidade do emprego e de traballadores discapacitados, indicando "el número de trabajadores (964) indicado en el anexo III bis es el número de trabajadores total contratados a fecha de presentación de la licitación, facilitado por nuestro departamento de personal. El número total de trabajadores que figura en la declaración adjunta al anexo V es un dato obtenido al finalizar el ejercicio 2018, promedio de los doce meses anteriores y calculado en base a lo estipulado en el Real Decreto 364/2005 de 8 de abril, para determinar el número de trabajadores a efectos de establecer la cuota de reserva del 2% a favor de trabajadores discapacitados y poder así adoptar las medidas alternativas para el siguiente ejercicio (2019 en este caso)".

A empresa PROYECON GALICIA SL achegaron, dentro do prazo outorgado, aclaración relativa ás diferenzas entre o número de traballadores indicados no apartado de estabilidade do emprego e de traballadores discapacitados, indicando "o total rexistrado pola Seguridade social é de 107.50 traballadores, no anexo que PROYECON GALICIA SA presentou fai constar 107, aplicando número enteiro ó tratarse de persoas"; acompaña certificados emitidos pola Seguridade Social referido á data de presentación da licitación.

Así mesmo requiriuse á mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, para que xustifique a súa oferta desproporcionada, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles, a través de escrito de data 04 de abril de 2019, achegado polo canle do correo electrónico autorizado polo licitador, con confirmación de lectura, do día 04 de abril de 2019.

A empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, achegou dentro do prazo outorgado, xustificación da súa oferta, que unha vez recibida foi remitida á Xefa do Servizo de Arquitectura, autora do proxecto, para que emitira informe no prazo mais breve posible.

Pola Xefa do Servizo de Arquitectura, en data 23 de abril de 2019, remítese informe, no que entre outros, constan os seguintes extremos:

“(...)

La justificación presentada por la mercantil, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., para defender la viabilidad de su oferta económica se recoge en un escueto escrito de dos páginas en el que expresa tres razones genéricas que hacen referencia a las circunstancias sobre las que el articulo 149.4 indica que debe centrarse la argumentación y que no apoya con ningún cálculo o documento adicional.

Además, a juicio del técnico que suscribe las justificaciones basadas en la dilatada experiencia de la empresa y la perfecta comunicación de la zona de obras sin especificar respecto a que o a quien puede presumirse de todas las empresas que se han presentado al procedimiento, toda vez que todas ellas tienen la clasificación empresarial exigida, que acredita la solvencia técnica y profesional necesaria para la realización de la obra y se encuentra en el mismo lugar para todas ellas.

Respecto a la posibilidad de obtener mejores precios en los suministros de materiales para hacer las obras, se queda en una simple afirmación genérica que no se sustenta en ningún dato o cálculo ya que no  especifica siquiera en que suministros se pueden obtener mejores precios y que porcentaje o cantidad, cuando menos aproximado, permitirá reducir el precio final de la obra, etc.

El mismo argumento cabe aplicar a la afirmación de cifrar los Gastos Generales de la empresa en un 10%, ya que si bien es cierto que el Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales repite en numerosas resoluciones que no se trata de justificar exhaustivamente la oferta desproporcionada, se trata de argumentar o intentar demostrar con datos y cálculos que la oferta es viable.

Tras lo expuesto anteriormente, se puede concluir que la argumentación para la justificación de la oferta económica de la empresa, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.  incursa en presunción de anormalidad, identificada por la Mesa de Contratación convocada en el procedimiento de contratación de obra "POBRA DE BROLLON.- Contrucción de centro

residencial de atencion a personas maiores es claramente insuficiente y no permite llegar a la convicción de que la obra se puede llevar a cabo".

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte acordo:

Aceptar as aclaracións feitas polas mercantís CONSTRUCTORA SAN JOSE SA e PROYECON GALICIA SL, dando por válidos os números de traballadores declarados no anexo III bis, e telo en conta tamén para o criterio de desempate de PROYECON GALICIA SA, xa que:

A mercantil CONSTRUCTORA SAN JOSE SA, opta por medidas alternativas ao abeiro do RD 364/2005 de 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cuota de reserva en favor dos traballadores discapacitados.

PROYECON GALICIA SL xustifica a diverxencia na circunstancia de axustar o resultado matemático ao dato de persoas.

Rexeitar, en base ao informe técnico emitido, a oferta da mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, ao non considerarse xustificada a súa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa, elevando ao Órgano de Contratación proposta de exclusión.

Que se proceda á valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

A Mesa, por unanimidade, acordou aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á Acta, polo que se procedeu á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | PRECIO (60) | | OUTROS (40) | | | | | | | | | | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Oferta | PTOS | SEGUIMENTO WEB (3/6/10) | | MODELO BIN (8) | | AUMENTO GARANTÍA (7) | | REDUCCIÓN EXECUCIÓN (7) | | ESTABILIDADE EMPREGO (4) | | PLAN DIVULGACIÓN (4) | | PUNTOS |
| | | PREZO (INCLUÍDO IVA) | | OPCIÓN (A-B-C) | PTOS | SI /NO | PTOS | MESES (MAX 24) | PTOS | DÍAS (MAX 90) | PTOS | % INDEFINDOS | PTOS | IMPORTE | PTOS | |
| 1 | CONSTRUCCIONES ALEA SL | 1.629.227,80 € | 20,36 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 84,62 | 3,72 | 26.697,46 € | 3,23 | 59,31 |
| 2 | CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL | 1.399.200,00 € | 60,00 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 75,00 | 3,30 | 28.882,00 € | 3,50 | 98,80 |
| 3 | CONSTRUCCIONES OREGA SL | 1.570.342,15 € | 30,51 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 63,16 | 2,78 | 31.769,97 € | 3,85 | 69,14 |
| 4 | CONSTRUCCIONES ROPAN SL | 1.516.685,50 € | 39,75 | A | 3,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 40,00 | 1,76 | 900,00 € | 0,11 | 66,62 |
| 5 | CONSTRUCTORA CONSVIAL SL | 1.655.088,56 € | 15,90 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 84,00 | 3,70 | 1.500,00 € | 0,18 | 51,78 |
| 6 | CONSTRUCTORA SAN JOSE SA | 1.708.557,42 € | 6,69 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 38,59 | 1,70 | 31.064,68 € | 3,76 | 44,15 |
| 7 | CONTRATAS VILOR SL | 1.681.124,50 € | 11,41 | a,b,c | 0,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 44,23 | 1,95 | 31.769,97 € | 3,85 | 39,21 |
| 8 | COPCISA SA | 1.569.643,21 € | 30,63 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 67,17 | 2,96 | 31.769,97 € | 3,85 | 69,44 |
| 9 | COVIASTEC SL | 1.516.503,40 € | 39,78 | A | 3,00 | SI | 8,00 | 12,00 | 3,50 | 90,00 | 7,00 | 17,86 | 0,79 | 26.625,00 € | 3,22 | 65,29 |
| 10 | FONSAN GESTIÓN Y CONSTRUCCION SL | 1.487.447,84 € | 44,79 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 39,44 | 1,74 | 33.040,77 € | 4,00 | 82,53 |
| 11 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | 1.738.075,42 € | 1,60 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 46,32 | 2,04 | 32.500,77 € | 3,93 | 39,57 |
| 12 | JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA | 1.412.381,84 € | 57,73 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 59,54 | 2,62 | 33.040,77 € | 4,00 | 96,35 |
| 13 | OBRAS GALLAECIA SL | 1.558.335,42 € | 32,57 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 76,92 | 3,38 | 32.500,77 € | 3,93 | 71,88 |
| 14 | OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL | 1.441.213,40 € | 52,76 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 90,91 | 4,00 | 31.769,97 € | 3,85 | 92,61 |
| 15 | PRADO LAMEIRO SL | 1.402.072,10 € | 59,51 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 87,50 | 3,85 | 31.769,00 € | 3,85 | 99,21 |
| 16 | PROYECON GALICIA SA | 1.522.273,50 € | 38,79 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 53,27 | 2,34 | 30.000,00 € | 3,63 | 76,76 |
| 17 | SERGONSA SERVICIOS SL | 1.639.138,60 € | 18,65 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 61,11 | 2,69 | 32.500,77 € | 3,93 | 57,27 |
| 18 | UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL | 1.623.419,55 € | 21,36 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 90,00 | 7,00 | 61,54 | 2,71 | 31.769,97 € | 3,85 | 59,92 |
| 19 | VIALES Y OBRAS PÚBLICAS SA | 1.699.895,00 € | 8,18 | C | 10,00 | SI | 8,00 | 24,00 | 7,00 | 40,00 | 3,11 | 38,78 | 1,71 | 7.148,24 € | 0,87 | 38,87 |

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 07 de maio de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:"(...)

Aceptar as aclaracións feitas polas mercantís CONSTRUCTORA SAN JOSE SA e PROYECON GALICIA SL, dando por válidos o número de traballadores indicados no anexo III bis, tendo en conta a documentación achegada.

Rexeitar, en base ao informe técnico emitido, a oferta da mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | TOTAL PUNTOS | |
|---|---|---|---|
| 1 | PRADO LAMEIRO SL | | 99,21 |
| 2 | CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL | | 98,80 |
| 3 | JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA | | 96,35 |
| 4 | OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL | | 92,61 |
| 5 | FONSAN GESTIÓN Y CONSTRUCCION SL | | 82,53 |
| 6 | PROYECON GALICIA SA | | 76,76 |
| 7 | OBRAS GALLAECIA SL | | 71,88 |
| 8 | COPCISA SA | | 69,44 |
| 9 | CONSTRUCCIONES OREGA SL | | 69,14 |
| 10 | CONSTRUCCIONES ROPAN SL | | 66,62 |
| 11 | COVIASTEC SL | | 65,29 |
| 12 | UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL | | 59,92 |
| 13 | CONSTRUCCIONES ALEA SL | | 59,31 |
| 14 | SERGONSA SERVICIOS SL | | 57,27 |
| 15 | CONSTRUCTORA CONSVIAL SL | | 51,78 |
| 16 | CONSTRUCTORA SAN JOSE SA | | 44,15 |
| 17 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 39,57 |
| 18 | CONTRATAS VILOR SL | | 39,21 |
| 19 | VIALES Y OBRAS PÚBLICAS SA | | 38,87 |

Requirir ao contratista PRADO LAMEIRO SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras".

Por escrito con rexistro de saída de data 10 de maio de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 13-05-2019, foi requirida a mercantil PRADO LAMEIRO SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 63.730,55 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil PRADO LAMEIRO SL, achegou a través de escrito de data 21 de maio de 2019 a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención

procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra POBRA DO BROLLÓN.- Construción de centro residencial de atención a persoas maiores conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 08 de febreiro de 2019, á mercantil PRADO LAMEIRO SL, representada por Dona Beatriz Gómez Domínguez, no prezo de 1.402.072,10 € dos cales 127.461,10 € son de IVE (10%); un seguimento da obra en tempo real a través de cámaras Web coa opción de sistema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); un aumento do prazo de garantía de 24 meses (por enriba dos 12 obrigatorios), e dicir 36 meses; unha redución do prazo de execución de 90 días, resultando así un prazo de execución de 9 meses; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 31.769,00€, mais IVE (21%).

O importe total de 1.402.072,10€ desglósase nas anualidades que se indican:

| ANUALIDADE | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | TOTAL |
|---|---|---|
| 2018 | 2315.622 / 2315.622.55 / | 737.425,33€ |
| 2019 | | 427.361,77€ |
| 2020 | | 237.285,00€ |
| TOTAL | | 1.402.072,10 € |

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2020 a cantidade indicada nas aplicacións que se sinalan.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como o seguimento da obra en tempo real a través de cámaras Web coa opción de sistsema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio

(BIM); o aumento do prazo de garantía e a redución do prazo de execución, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º**.- Adxudicar a execución da obra POBRA DO BROLLÓN.- Construción de centro residencial de atención a persoas maiores conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 08 de febreiro de 2019, á mercantil PRADO LAMEIRO SL, representada por Dona Beatriz Gómez Domínguez, no prezo de 1.402.072,10 € dos cales 127.461,10 € son de IVE (10%); un seguimento da obra en tempo real a través de cámaras Web coa opción de sistema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); un aumento do prazo de garantía de 24 meses (por enriba dos 12 obrigatorios), e dicir 36 meses; unha redución do prazo de execución de 90 días, resultando así un prazo de execución de 9 meses; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 31.769,00€, mais IVE (21%).

O importe total de 1.402.072,10€ desglósase nas anualidades que se indican:

| ANUALIDADE | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | TOTAL |
|---|---|---|
| 2018 | 2315.622 / 2315.622.55 / | 737.425,33€ |
| 2019 | | 427.361,77€ |
| 2020 | | 237.285,00€ |
| TOTAL | | 1.402.072,10 € |

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2020 a cantidade indicada nas aplicacións que se sinalan.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, así como o seguimento da obra en tempo real a través de cámaras Web coa opción de sistema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); un aumento do prazo de garantía de 24 meses (por enriba dos 12 obrigatorios) e unha redución do prazo de execución de 90 días, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

**2º**.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

**3º**.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**4º**.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 4.- INTERPRETACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.

Visto o informe da Xefa da Sección de Promoción Económica e Social, en relación co epígrafe do presente asunto, no que manifesta que se produciu un erro na redacción do mesmo, e

proponse a súa corrección; a Xunta de Goberno por maioría dos asistentes acorda aprobar dita corrección, quedando redactado o epígrafe como segue: **MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada en funcións da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Con data 8 de outubro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases que regulan o Programa Tecendo Emprego. O extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 239 do 18 de outubro de 2018.

Con data 21 de decembro do 2018, resolvese a relación definitiva das entidades beneficiarias, entidades excluídas e listaxe de perfís do citado programa , publicándose no BOP (Nº 002) de data 3 de xaneiro de 2019.

Tendo en conta que este programa contempla dúas fases:

Fase I dirixida as entidades, subvencionándolles os custes de seguridade Social e salario durante un ano.

Fase II son actuacións dirixidas os desempregados da provincia para mellorar a empregabilidade e facilitar a inserción no ámbito laboral, así como o fomento de contratos que melloren a situación dentro do mercado nun intento de frear os datos de paro e a tendencia da contratación en precario e conseguir dinamizar o emprego entre os colectivos con estas contratacións.

Considerando que para regular esta fase, redáctanse unhas bases que regulan a convocatoria, onde se detalla o procedemento de inscrición e selección dos desempregados, así como a futura asignación á entidade, establecíanse tres liñas de emprego:

Liña Novel, dirixida a mozos recen titulados/as dentro do ámbito da universidade ou da formación profesional, para adquisición de habilidades e capacidades laborais, así como promover

o seu desenvolvemento persoal e social dentro da súa área de formación, e así acadar a experiencia profesional que tanto frea a integración no ámbito laboral, e de forma transversal promover unha conciencia de corresponsabilidade social, sen experiencia e ata 35 anos.

Liña Senior, dirixida a parados, de 30 a 50 anos.

Liña Veterano, dirixida a parados , dentro da súa última fase activa (maiores de 50 anos) a piques de pechar a súa etapa profesional.

Tendo en conta que realizadas dúas convocatorias públicas para que os desempregados concorran os postos ofertados, ponse en evidencia que varios postos quedan desertos por falta de candidatos axeitados.

A vista da base 6 do programa:

“Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará a Axencia de Colocación ,coma mecanismo mais áxil para a localización dos mesmos.

O funcionamento será do seguinte xeito: primeiro cada luns publicarase na Axencia de Colocación a relación de postos vacantes identificados co expediente segundo inscrición na Axencia de colocación a través de formulario especifico durante o período de 5 días hábiles dende a publicación , fase de entrevistas por parte dos técnicos da Comisión de valoración e aprobación da proposta de candidatos por Resolución de Presidencia.”

Tendo en conta que a finalidade última do programa e a xeración de emprego , e a vista de que non se prexudica a ningún terceiro, proponse matizar o criterio da idade, sen alterar os criterios de titulación e aptitude para acceso o posto. Neste senso, nas concorrencias de carácter sucesivo se aparecese algún candidato que cumpra co requisito de idade, establecidas nas bases, darase preferencia sobre os candidatos que non o cumpran, xa que o prexuízo que se xera non so é a creación de menos postos directos de emprego, se non tamén indirectos , xa que estes candidatos

elixidos traballaran cos colectivos da entidade en prol da xeración de emprego. Modificándose neste senso o artigo 3 das bases do Fase I e a Base I da Fase II do Programa Tecendo Emprego.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

Aprobar a modificación das bases do programa en prol da creación de emprego do seguinte xeito, a vista de que non se prexudica a ningún terceiro, proponse matizar o criterio do limite de idade, sen alterar os criterios de titulación e aptitude para acceso o posto.

Engadíndose no artigo 3 das bases da Fase I e na Base I da Fase II do Programa Tecendo Emprego, o seguinte:

A determinación do limite de idade establecido en cada unha das liñas non será causa de exclusión do proceso de selección, non obstante aqueles candidatos que non excedan da idade limite de cada liña terán preferencia sobre os demais aspirantes".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA RELATIVA AO PROCEDEMENTO DE CADUCIDADE DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DEMANIAL PARA A EXPLOTACIÓN DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO "INSTALACIÓNS EN AUGASMESTAS".**

Logo de ver a proposta da Presidencia en funcións do seguinte teor:

"En relación co asunto de referencia a Secretaría Xeral Adxunta emite informe do seguinte teor:

"A Resolución da Presidencia de 24 de xaneiro de 2019 e antes de iniciar o procedemento de caducidade do expediente de concesión demanial para a explotación do ben de dominio público provincial denominado "Instalacións en Aguasmestas" determinou conceder un prazo de audiencia

ao interesado, TOURGALIA GESTIÓN, SL, de 15 días para que manifestar o que estimara oportuno na súa defensa.

Os antecedentes previos ao inicio do procedemento de caducidade de referencia cos que conta o expediente son os seguintes:

Acordo da Xunta de Goberno de 23 de marzo de 2015, que aproba o prego de condicións do concurso para a concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado "Instalacións en Augasmestas" que se publica o BOP nº 081 de 11 de abril de 2015.

Acordo da Xunta de Goberno de 8 de maio de 2015, que resolveu a adxudicación do citado procedemento de concesión demanial para a explotación do denominado Centro de Turismo Activo Ribeira Sacra a favor do único licitador concorrente, a empresa Tourgalia Gestión, SL, e cuxa notificación consta recibida polo adxudicatario o 19 de maio de 2015.

Derivado da solicitude de modificación das condicións da concesión demanial que formulou o adxudicatario, Tourgalia Gestión, S.L., o 10 de maio de 2017, a Xunta de Goberno Provincial o 9 de xuño de 2017 acordou Suspender o acto de perfeccionamento e formalización do acordo entre esta Excma. Deputación Provincial e a sociedade Tourgalia Gestión, S.L., para a concesión demanial do ben inmoble provincial denominado "Instalacións en Aguasmestas", e por tanto da efectividade da presente concesión demanial, ata a obtención da preceptiva licenza de actividade. (…).

O 30 de xullo de 2018 remítese requirimento ao adxudicatario no que se expresa que por esta Deputación Provincial se realizaron as actuacións que lle corresponden como titular do inmoble e que para a obtención da preceptiva licenza de actividade unicamente falta a realización das actuacións que corresponden ao adxudicatario Tourgalia Gestión SL, posteriores á formalización da concesión.

Para ditos efectos se requiriu ao adxudicatario para que no prazo dun mes subscribise o documento de formalización e perfeccionamento da dita concesión demanial ou presentara expresa renuncia. A dita notificación consta asinada o 6 de agosto de 2018.

Non obstante, transcorrido o prazo establecido dun mes, non consta contestación ao requirimento de subscrición do documento de formalización e perfeccionamento da dita concesión demanial do inmoble provincial denominado “Instalacións en Aguasmestas" entre esta Deputación Provincial e o adxudicatario.

Feitos,

A data de hoxe o devandito procedemento de concesión demanial se encontra sen formalizar por causa imputable ao concesionario e, sen resolver.

O Servizo de Contratación e Fomento de 20 de decembro de 2018 informa que como consecuencias da falta de formalización de presente concesión demanial poderase incautar a fianza constituída mediante aval inscrito no Rexistro Especial de Avais por importe de 10,574,63 € baixo o número 0238-0674 segundo asinamento do Banco Pastor SA o 20 de maio de 2015 que se presentara como garantía definitiva no procedemento.

Consideracións xurídicas,

Cando con posterioridade, polo transcurso do prazo para resolver o procedemento, e recordando que a Administración conserva a obriga de ditar resolución e notificala en todos os procedementos (art. 21 da lei 39/2015), se dite unha resolución, pode ser aplicable o instituto da caducidade como terminación anormal dos procedementos que, se limitará a declarar a caducidade producida e a ordenar o arquivo das actuacións.

Para tales efectos e tendo en conta que a caducidade non se produce de xeito automático senón que precisa dunha declaración expresa recaída no expediente con intervención do interesado ao producirlle efectos desfavorables ou de gravame (artigo 25.1 Lei 39/2015) é polo que por Resolución da Presidencia de 24 de xaneiro de 2019, antes de iniciar o procedemento de caducidade, se concede prazo de audiencia ao interesado, TOURGALIA GESTIÓN, SL, por prazo de 15 días para que manifeste o que estime oportuno na súa defensa (artigo 82 Lei 39/2015).

Con data 11 de febreiro de 2019, dentro do prazo concedido ao efecto, a representación da dita mercantil presenta diversas alegacións na defensa dos seus intereses das que resultan a falta de vontade para formalizar o documento de adxudicación da concesión entre esta Deputación Provincial e o dito adxudicatario, TOURGALIA GESTION, SL -esixencia contida na cláusula 17 do prego reitor (BOP nº 081 de 11 de abril de 2015) .

E é este incumprimento da esixencia de formalización impide o cumprimento das obrigas que foron contempladas no prego reitor como esixibles desde que se perfeccione e formalice o outorgamento da concesión demanial o que da lugar á resolución do procedemento.

E como solo pode existir un modo de resolver os procedementos, a resolución por caducidade, que opera neste procedemento, deixa sen efectos o acto de adxudicación por unha causa imputable ao adxudicatario que non formaliza o outorgamento de concesión a pesar do requirimento.

Respecto dos efectos da resolución, a Disposición Final Segunda relativa á Interpretación, Modificación e Resolución do contrato contida no prego reitor (BOP 081 de 11 de abril de 2015) establece que a Deputación de Lugo reservase expresamente a facultade de (...) acordar a extinción (do contrato) dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na lexislación reguladora da contratación administrativa local que no caso que nos ocupa será, con carácter supletorio, o TRLCSP 3/2011 posto que o acordo de adxudicación é de 8 de maio de 2015 (Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017).

A estes efectos, segundo informe do Servizo de contratación de 20 de decembro de 2018 como consecuencias da falta de formalización de presente concesión demanial poderase incautar a fianza constituída mediante aval inscrito no Rexistro Especial de Avais por importe de 10,574,63 € baixo o número 0238-0674 segundo asinamento do Banco Pastor SA o 20 de maio de 2015 que se presentara como garantía definitiva no referido procedemento.

(...).”

Polo exposto, en aplicación do instituto da caducidade proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º**.- Iniciar o procedemento de caducidade como causa de resolución do presente procedemento que deixa sen efecto o acto de adxudicación acordado pola Xunta de Goberno de 8 de maio de 2015, declaralo deserto porque non concorreu ningún outro licitador e arquivar todas actuacións.

**2º**.- Proceder á incautación do aval inscrito no Rexistro Especial de Avais por importe de 10,574,63 € baixo o número 0238-0674 segundo asinamento do Banco Pastor SA o 20 de maio de 2015 que se presentara pola entidade TOURGALIA GESTION, SL, como garantía definitiva no referido procedemento.

**3º**.- Dar traslado das presentes actuacións tanto ao avalista como ao adxudicatario-avalado -TOURGALIA GESTION, SL- previamente á dita incautación".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL AO OBXECTO DE FORMALIZACIÓN DE CONTRATO LABORAL "EN PRÁCTICAS" DAS DIVERSAS TITULACIÓNS.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado en funcións de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, en funcións do seguinte teor:

"Á vista da solicitude formulada pola Xefa do Servizo de Audiovisuais, coa conformidade da Presidencia, nas que se xustifican as circunstancias e necesidades de efectivos.

Á vista do contido dos informes do Servizo de Recursos Humanos, formúlase a seguinte proposta de acordo:

Obxecto da convocatoria

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar, con carácter provisional, os procesos selectivos para acceder a empregos mediante a formalización de contratos laborais temporais, baixo a modalidade “en prácticas”.

Características dos empregos obxecto da convocatoria:

| DENOMINACIÓN DO EMPREGO | TÍTULO ACADÉMICO | Nº EMPREGOS |
|---|---|---|
| TÉCNICO/A SUPERIOR EN REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS | GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E | 2 |
| TÉCNICO/A SUPERIOR EN PRODUCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS | GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN PRODUCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS | 2 |

Motivación

A presente convocatoria xustifícase pola:

Vontade da Deputación Provincial de Lugo de vincular e colaborar coas finalidades formativas e de inserción profesional no mercado laboral dos/as traballadores/as que posúen titulacións académicas e carezan das experiencias no ámbito funcional daquelas, potenciando o funcionamento do Centro de Formación Audiovisual posta en funcionamento pola entidade provincial.

Necesidade, urxencia e inaprazabilidade da incorporación de efectivos co obxectivo de mellorar a eficacia e eficiencia do funcionamento do Servizo de Audiovisuais, que precisen efectivos coas titulacións académicas que se determinan e que así o motivan na súa proposta de persoal, dado que a entidade carece dos suficientes.

Normativa de aplicación

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

Para atender á necesidade solicitada derivada da existencia dun déficit de persoal polos motivos anteriormente mencionados deberase acudir á modalidade de contrato en prácticas, regulado no artigo 11.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, que indica:

O contrato de traballo en prácticas poderá concertarse con quen estivera en posesión do título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, ou de certificado de profesionalidade de acordo co previsto na Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, que habiliten para o exercicio profesional, dentro dos cinco anos, ou de sete anos cando o contrato se concerte cun traballador con discapacidade, seguinte á terminación dos correspondentes estudos, (...)".

Real Decreto 488/1998, de 27 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos formativos.

Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".

Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

a. Publicidade das convocatorias e das súas bases.

b. Transparencia.

c. Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

d. Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e. Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f. Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección".

Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que "os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto".

Artigo 35 do Real Decreto 364/1995, de 10 marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a contratación de persoal non permanente.

Listaxes de aspirantes que participaron en procesos selectivos.

Nesta Entidade non existiu nin existen "Listaxes de aspirantes a formalizar contratos en prácticas", desta tipoloxía de contidos funcionais e profesionais, ao obxecto de poder cubrir provisionalmente os empregos que se convocan.

Efectivos a incorporar para cubrir provisionalmente os empregos convocados mediante a formalización de contratos laborais temporais "en prácticas".

Tendo en conta o antedito, resulta necesario convocar os correspondentes procesos selectivos para prestar servizos como "TÉCNICO/A SUPERIOR EN REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS" (2 efectivos), "TÉCNICO/A SUPERIOR EN PRODUCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS" (2 efectivos), regulándose os

correspondentes contratos laborais polo artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

Proposta de acordo

Considerando suficientemente xustificado o sinalado no apartado b) do apartado segundo, coa proposta de persoal presentadas pola unidade administrativa anteriormente referida e á vista de que se informa da existencia de consignación orzamentaria suficiente.

Considerando que se compren as esixencias da normativa vixente, en particular o referido ao artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, proponse á Xunta de Goberno que, en uso das facultades que lle confire, por delegación da Presidencia, o vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, adopte o seguinte,

Acordo

**1º**.- Aprobar as Bases que rexerán os procedementos selectivos, mediante o sistema de concurso, para a cobertura provisional con persoal laboral temporal, vinculado a esta Entidade mediante contrato laboral "en prácticas" regulado no artigo 11 Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, dos seguintes empregos:

| DENOMINACIÓN DO EMPREGO | TÍTULO ACADÉMICO | Nº EMPREGOS |
|---|---|---|
| TÉCNICO/A SUPERIOR EN REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS | GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS | 2 |
| TÉCNICO/A SUPERIOR EN PRODUCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS | GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN PRODUCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS | 2 |

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán estes procedementos selectivos, estarase ás aprobadas pola Xunta de Goberno, na súa sesión do día 16 de novembro de 2018 polas que se establecen as normas para a selección de persoal laboral temporal baixo a modalidade de “contrato en prácticas” ao obxecto de prestar servizos á Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), que se publicaron no BOP nº 269, do venres 23 de novembro de 2018.

**2º**.- Convocar publicamente a quen desexe participar nos procesos selectivos ao obxecto de cubrir, con carácter provisional mediante contrato laboral temporal “en prácticas”, os devanditos empregos”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 7.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 167/2019-S.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 167/2019-S (P), interposto por D. Mario Novo Goás e Mutua de Seguros Pelayo y Reaseguros fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos no vehículo, debido a accidente de circulación na LU-P-1502 (de Burela a Ferreira), a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**1º.-** A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora se fora preciso.

## 8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

**Primeiro.-** Dáse conta do Decreto nº 10/2019 de 11 de febreiro ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 24/2018 seguido a instancia de Reale Seguros Generales, S.A. e Dona Lucía Rodríguez Piñeiro, fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos no vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-1611, P.K. 72,3, debido á existencia dunha focha na calzada, no que acorda ter por desistido ao recorrente e declara a terminación do procedemento. A Xunta de Goberno queda enterada.

**Segundo.-** Dáse conta da Sentenza nº 74/2019 de 29 de marzo, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 276/2018-P, seguido a instancia de Dona Carmen Tuñas Dugnol fronte á aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo desta Deputación publicada no BOP de Lugo nº 190 de 20 de agosto de 2018, no referente exclusivamente á valoración na fixación do nivel de complemento de destino do posto de traballo de Xefatura de Sección de Tesourería, desestimatoria do recurso interposto e se impoñen as custas á parte demandante; e en cuxo fallo di o seguinte: *"Desestimar el recurso contencioso administrativo interpuesto contra el acto administativo objeto de este recurso, el cual se declara ajustado al ordenamiento jurídico. Se imponen las costas a la demandante con el límite máximo de 300 euros (más impuestos)"*. A Xunta de Goberno queda enterada.

## 9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.